



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ACTA TRIBUNAL PROCESO SELECCIÓN PARA FORMACIÓN BOLSA EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIAS/OS INTERINAS/OS COMO TECNICA/O EN IGUALDADE PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DE ARZUA

Reunidos ás 09:00 horas en data 21/06/2022 na Secretaria do Concello os membros do Tribunal de selección do proceso para formación bolsa emprego funcionarios/as interinos/as como tecnica/o en igualdade para o centro de información ás mulleres (CIM) de Arzúa, aprobadas por decreto do Alcalde 283/2022 de data 04/04/2022 publicadas en BOP nº 68 de 8 de abril de 2022.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde nº 476/2022 de 14/06/2022

Estando presentes :

- **Presidenta:**

- Titular: Maria Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de Acción Social e directora do CIM de Compostela

- **Vogais:**

- Maria Torres Pose, letrada Xunta de Galicia
- Marta Pérez Iglesias, técnica de administración local, concello de Arzúa
- Jorge Boado Fernández, secretario-interventor, concello de Boimorto

- **Secretaria:**

- Titular: Rebeca Vázquez Vázquez .Secretaria do Concello de Arzúa.

Asesor Tribunal para realización exame galego, Joaquin Vázquez Rodriguez, normalizador linguístico concello de Melide, nomeado por decreto do alcalde 492/2022 de 17/06/2022

Pola Presidenta se declara constituído Tribunal e procédese pola Secretaria á lectura da base 7.1 das bases de selección sobre o desenvolvemento do concurso oposición na parte FASE DE OPOSICION que sinala:

1. Oposición (puntuación máxima 60 puntos).

1. Realización do exercicio:

A data, hora e lugar de realización da proba de oposición será anunciada oportunamente por anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal polo que as persoas aspirantes non serán citadas expresamente para a súa realización.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Esta fase consistirá na realización dun exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que a continuación se describen:

2. Exercicio a desenvolver: **60 puntos**

A puntuación mínima para entender superada a proba será de 30 puntos

Durante 90 minutos desenvolverase un exercicio consistente en dúas partes:

1. Contestar por escrito, sobre as materias do temario do Anexo I, a un cuestionario de trinta (30) preguntas (tipo test), con tres respostas alternativas, das que só unha delas é válida. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto. Por cada resposta incorrecta restaranse 0,25 puntos.

Nesta proba poderán obterse 30 puntos como máximo

Ante a eventualidade de que sexa preciso anular algunha pregunta, o cuestionario incluírá un listado adicional con cinco(5) preguntas de reserva, que substituirán, de ser o caso, a aquelas outras anuladas, seguindo unha orde correlativa.

2. Diseñar ou desenvolver para levar á práctica actividades relacionadas co temario.

Nesta proba poderán obterse 30 puntos como máximo.

3. Xeito de garantir o anonimato:

No exercicio non constará ningún dato do que se poida desprender a identidade da persoa aspirante. No intre da entrega do exercicio, facilitaráselles ás persoas aspirantes un sobre no que introducirán o seu nome. Unha vez pechado dito sobre, será identificado cun número na súa parte exterior, que será o mesmo que se estampe na primeira folla do propio exercicio.

4. Publicación do resultado:

Os actos e as comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de edictos da sede electrónica municipal .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Coñecemento da lingua galega: (proba previa a realizar no seu caso unha hora antes da proba de oposición)

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega no nivel Celga 4 ou equivalente terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto ou apta.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da solicitude, estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

Consistirá na realización dunha proba escrita que consistirá na tradución dun texto de castelán ó galego elixido por sorteo entre dous textos propostos polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto.

Corresponderá o Tribunal determinar o coñecemento da lingua galega tendo en conta o nivel de Celga requirido no proceso selectivo.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aquelas persoas opositoras que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 4 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias.

O Tribunal acorda a para a proba de galego que se faga traducción a galego do seguinte texto do DOG de hoxe III Outras disposicións Consellería de Medio Ambiente territorio y vivienda Orden de 7 de junio de 2022 (primer y segundo párrafo).

O único aspirante que tiña que realizar a proba de Galego ,Javier Vázquez Costa non se presentou a hora indicada (10.00h) a realizar dita proba polo que queda excluído

Procedese a elaboración da proba de oposición conforme as bases propoñéndose por cada membro do Tribunal preguntas relacionadas có temario .

Preparase a documentación necesaria para realización da proba e material que garanta a realización da mesma en anonimato quedando có seguinte contido:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

PROBA OPOSICIÓN :

PROBA OPOSICIÓN PARA PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDAD

1.- Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, cando se entende rexeitada a notificación electrónica?

- a) Pasados dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se acceda ao seu contido.
- b) Pasados dez días hábiles desde a súa posta á disposición sen que se acceda ao seu contido.
- c) Pasados quince días naturais desde a súa posta á disposición sen que se acceda ao seu contido.

2.- Que título da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local leva por rúbrica “ O Municipio” ?

- a) Título II.
- b) Título III.
- c) Título IV.

3.- De acordo con a Lei de Bases de Réxime Local:

- a) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.
- b) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña exclusivamente o seu regulamento orgánico.
- c) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios.

4.- De acordo con a Lei de Bases de Réxime Local, Que servizo dos seguintes deben prestarse en todos os municipios?

- a) Protección civil.
- b) Atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- c) Acceso aos núcleos de poboación.

5.- En réxime ordinario e de acordo con a Lei de Bases de Réxime Local, aprobar a relación de postos de traballo corresponde:

- a) Ao Alcalde. É delegable.
- b) Ao Alcalde. Non é delegable.
- c) Ao Pleno.

6.- En Réxime ordinario e, de acordo con o artigo 22 da Lei de Bases de Réxime Local, a competencia de aprobar Regulamentos orgánicos e ordenanzas:

- a) Corresponde ao Pleno e é delegable.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- b) Corresponde ao Pleno. Non é delegable.
- c) Corresponde ao Pleno. Só é delegable na Xunta de Goberno local si existise.

7.- De acordo con a Lei de Bases de Réxime Local , as sesións plenarias han de convocarse, polo menos, con:

- a) dous días naturais de antelación, salvo as extraordinarias que o foron con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.
- b) dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o foron con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.
- c) cinco días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o foron con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.

8.- Como se denomina o Título III da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

- a) Da actividade das Administracións Públicas.
- b) Das disposicións sobre o procedemento administrativo común.
- c) Dos actos administrativos.

9.- Segundo a Lei que rexe o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en que artigos regúlase a nulidade e a anulabilidade?:

- a) Nos artigos 47 e 48.
- b) Nos artigos 49 e 50.
- c) Nos artigos 42 e 43.

10.- De acordo co artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- a) Os actos que non se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- b) Os actos que non limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- c) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados.

11.- Segundo o artigo 10 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos CIM, os CIM deberán contar, como mínimo, co seguinte persoal cualificado:

- a) Directora/or, traballadora/or social, avogada/ou e persoal administrativo.
- b) Directora/or, Asesora/or psicolóxica/ou e Asesora/or xurídica/ou.
- c) Asesora/or xurídica/ou, Asesora/or psicolóxica/ou e axente de igualdade.

12.- Segundo o artigo 3 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos CIM, e respecto do ámbito territorial de prestación dos servizos dos CIM:

- a) ...serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente, solicíteos a condición de que teña a condición de persoa empadroadada ou residente no concello que a recibe.
- b) ...serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente,

solicíteos a condición de que as persoas demandantes de atención procedan dalgún concello no que non exista CIM.

c) ...serán dispensados a calquera persoa usuaria que, individual ou colectivamente, solicíteos, sen poder esixir que teña a condición de persoa empadroada ou residente no concello que a recibe.

13.- Segundo o artigo 6 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considérase discriminación directa por razón de sexo:

a) A situación en que se atopa unha persoa que sexa, sexa ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de xeito menos favorable que outra en situación comparable.

b) A situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro, salvo que dita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente.

c) Todas as opcións anteriores son incorrectas.

14.-Segundo o artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes a elaboración e aplicación dos plans de igualdade:

a) Será voluntaria para todas as empresas, previa consulta á representación legal dos traballadores e traballadoras.

b) No caso das empresas de cincuenta ou máis traballadores, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, e tales medidas deberán dirixirse á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos na propia Lei.

c) As empresas só terán que elaborar un plan de igualdade cando así se estableza no convenio colectivo que sexa aplicable.

15.- Segundo o artigo 15 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, enténdese por familia:

a) Grupo de persoas formado por unha parella (normalmente unida por lazos legais ou relixiosos), que convive e ten un proxecto de vida en común, e os seus fillos, cando os teñen.

b) A familia está constituída polos parentes, é dicir, aquelas persoas que por cuestións de consanguinidade, afinidade, adopción ou outras razóns diversas, sexan acollidas como membros desa colectividade. As familias adoitan estar constituídas por uns poucos membros que adoitan compartir a mesma residencia.

c) a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén as unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo.

16.-Segundo o artigo 41 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, Texto Refundido das disposicións legais da CA en materia de Igualdade, sobre mulleres prostituídas, que afirmación é a correcta:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- a) A Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, de nenas e de nenos que ten como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma. .
- b) A Xunta de Galicia reforzará os servizos sociais de atención primaria para que sexan máis áxiles e efectivos na axuda ás mulleres prostituídas.
- c) Ambas son correctas.

17. Segundo o artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, Texto Refundido das disposicións legais da CA en materia de Igualdade, cal é o significado do principio da transversalidade :

- a) consiste en que cando se desenvolva calquera política esta téñase en conta o impacto que pode ter sobre homes e mulleres. Que sempre a perspectiva do xénero constitúa un eixe de análise de todas as normativas que se desenvolvan.
- b) A integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias que ten a Xunta de Galicia.
- c) Ningunha das dúas é correcta

18.-Á vista do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero publicado pola Secretaría Xeral de Igualdade, poderán ser persoas usuarias de devandita Rede:

- a) Mulleres que sufran violencia de xénero e con residencia efectiva na comunidade autónoma.
- b) Mulleres con orde de protección vixente e sempre maiores de idade.
- c) Todas as mulleres que sufran violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores que precisen dun aloxamento de seguridade en Galicia como motivo desa situación de violencia, así como as persoas dependentes dela nesas mesmas circunstancias.

19.- O acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres poderá ser:

:

- a) Só existirá un acceso urxente. Cando a seguridade da muller véxase gravemente ameazada, e non se requirirá solicitude da muller, procederase de oficio.
- b) Poderá existir un acceso ordinario, e requiriráselle á muller unha documentación que será remitida ao Centro Coordinador e nun prazo máximo de 48 horas facilitar o recurso de acolleita dispoñible, ou poderá existir tamén un acceso urxente, que deberá ser resolto no prazo máximo de 8 horas.
- c) Só existe un acceso ordinario polo que se lle require á muller unha serie de documentación e unha solicitude de acceso a devandito recurso, que será resolta no prazo máximo de 8 horas.

20.-Sinala unha destas funcións que non corresponde ao Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- a) Actuar como órgano permanente de recolleita e análise da información dispoñible en diferentes fontes nacionais e internacionais sobre a igualdade de oportunidades.
- b) Propoñer a realización de estudos e informes técnicos de diagnóstico da situación das mulleres en España.
- c) Recolleita das queixas cidadás e seguimento de oficio dos contidos considerados sexistas.

21.- Para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o Goberno, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, impulsa as medidas en coordinación co resto de Ministerios e Organismos Autónomos dependentes así como: (Sinala a resposta correcta)

- a) coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais representadas pola Federación Española de Municipios e Provincias.
- b) coas asociacións máis representativas, Comunidades Autónomas e Entidades Locais representadas pola Federación Española de Municipios e Provincias.
- c) cos sindicatos, asociacións máis representativas, Comunidades Autónomas e Entidades Locais representadas pola Federación Española de Municipios e Provincias

22.- Cal das seguintes é unha función da Delegación especial contra a Violencia de Xénero de acordo co disposto no artigo 2 do Real Decreto 455/2020, de 10 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Igualdade:

- a) impulso e desenvolvemento da aplicación transversal dos principios de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes na actuación dos poderes públicos e, especialmente, na Administración xeral do Estado e as entidades locais
- b) seguimento da aplicación e desenvolvemento normativo da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- c) A coordinación das políticas da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de igualdade de trato e de oportunidades, con especial referencia á igualdade entre mulleres e homes, así como o desenvolvemento de políticas de cooperación coas administracións das comunidades autónomas e entidades locais en materias da súa competencia, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos

23.- Segundo dispón o artigo 29 da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a persoa titular da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller estará lexitimado ou lexitimada ante os órganos xurisdicionais para intervir:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- a) en defensa dos dereitos e dos intereses tutelados na lexislación básica
- b) en defensa dos dereitos e dos intereses tutelados na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, en colaboración e coordinación coas administracións con competencias na materia
- c) a persoa titular da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller non estará lexitimada ante os órganos xurisdiccionais en ningún caso

24.- O conxunto de crenzas, compartidas dentro dunha cultura, acerca dos atributos ou características que posúen os homes e mulleres denomínanse:

- a) Estereotipos sociais
- b) Roles de xénero
- c) Desigualdades formais

25.- Cando un tratamento é aparentemente neutro respecto da característica sinalada (sexo, raza etc.), pero ten un efecto desproporcionalmente adverso sobre o colectivo ao que corresponde a característica, estamos ante unha:

- a) Discriminación directa
- b) Discriminación indirecta
- c) Discriminación cruzada

26.- Que é un estereotipo?

- a) Todas as respostas son correctas
- b) A discriminación ou trato desigual de inferioridade a unha persoa ou colectividade por pertencer a un determinado sexo
- c) Unha imaxe simplificada, compartida por un grupo social, que lles permite identificar a pertenza de alguén a un grupo determinado

27.- Un dos axentes de socialización e de transmisión dos estereotipos de xénero é ...

- a) Os estereotipos
- b) A linguaxe
- c) O sexismo

28.- Correspóndelle á Dirección Xeral para a Igualdade de trato e Diversidade Étnico Racial a proposta, impulso e desenvolvemento da aplicación transversal do principio de igualdade de trato e a eliminación de toda clase de discriminación das persoas por razón de orixe racial ou étnica, orixe nacional, relixión ou crenzas, ideoloxía, idade, enfermidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e, especialmente, as seguintes funcións. Sinala a resposta incorrecta

- a) A coordinación das políticas da Administración xeral do Estado, comunidades autónomas, entidades locais, así como con outros axentes públicos e privados, da acción institucional relacionada co cumprimento da igualdade de trato e de oportunidades.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- b) A realización de informes e estudos, e a análise e valoración de estatísticas, nas materias que afecten a igualdade de trato, non-discriminación, intolerancia e diversidade étnica racial, así como a súa difusión e intercambio con outros departamentos ministeriais e entes públicos e privados, de ámbito internacional, nacional, autonómico ou local.
- c) A colaboración e coordinación con axentes exclusivamente públicos internacionais vinculados coa igualdade de trato e intolerancia.

29.- Cal dos seguintes compromisos non se conteñen na Carta europea para a igualdade de mulleres e homes na vida local

- a) A igualdade das mulleres e dos homes constitúe un dereito fundamental
- b) Integrar a dimensión do sexo en todas as actividades das entidades locais e rexionais cómpre para que avance a igualdade das mulleres e dos homes
- c) A eliminación dos estereotipos sobre o xénero é indispensable para a consecución da igualdade das mulleres e dos homes.

30. En que ano escribiu Simone de Beauvoir o seu ensaio "O segundo sexo"

- a) 1948
- b) 1949
- c) 1952

PREGUNTAS RESERVA

1.- Segundo o artigo 17 da Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, considerárase situación de risco para un menor:

- a) É aquela en a que, por mor de circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, o menor véxase prexudicado no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo.
- b) É aquela situación que se produce de feito, como consecuencia do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección que establecen

as leis para gárdaa dos menores de idade, quedando privados da necesaria asistencia moral e/ou material

c) Ningunha das dúas é correcta.

2.- Segundo o artigo 17 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece que:

a) O Goberno elaborará un informe periódico sobre o conxunto das súas actuacións en relación coa efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes.

b) A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas é un plan de acción que afecta a todos os países do Mundo.

c) O Goberno, nas materias que sexan da competencia do Estado, aprobará periodicamente un Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades, que incluírá medidas para alcanzar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e eliminar a discriminación por razón de sexo

3.- O eixe terceiro do III PLAN ESTRATÉXICO PARA A IGUALDADE EFECTIVA DAS MULLERES E HOMES consiste en:

a) Bo goberno: cara a formas de facer e decidir máis inclusivas.

b) Cara á garantía de vidas libres de violencia machista para as mulleres.

c) Un país con dereitos efectivos para todas as mulleres.

4.- Sinala a afirmación incorrecta das seguintes:

a) O Instituto das mulleres ten como finalidade primordial a promoción e o fomento das condicións que posibiliten a liberdade, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

b) O Instituto das Mulleres é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Igualdade que ten como funcións Impulsar e desenvolver a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, así como elaborar, en cooperación con outros Departamentos, os informes de aplicación das Directivas da Unión Europea, nas que o Instituto é o Organismo de fomento da igualdade.

) Coa creación da estrutura orgánica básicas do Ministerio de Igualdade suprimiuse o Instituto das Mulleres, que na actualidade xa non existe.

5.- O Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, actívase a través de diferentes vías:

a) Derivadas de servizos da comunidade (CIMS, centros de saúde, fiscalía, servizos sociais, centros de ensino corpos e forzas de seguridade.

b) Directamente por familiares e amigos.

c) Todas son correctas



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Sendo a plantilla de respostas correctas a seguinte:

- 1.- a
- 2.- a
- 3.- a
- 4.- c
- 5.- c
- 6.- b
- 7.- b
- 8.- c
- 9.- a
- 10.- c
- 11.- b
- 12.- c
- 13.- a
- 14.- b
- 15.- c
- 16.- c
- 17.- b
- 18.- c
- 19.- b
- 20.- c
- 21.- a
- 22.- b
- 23.- b
- 24.- a
- 25.- b
- 26.- c
- 27.- b
- 28.- c
- 29.- b
- 30.- b

RESERVAS :

- 1.- a
- 2.- c
- 3.- b
- 4.- b
- 5.- c

SUPOSTO PRÁCTICO

A desenvolver en folla suposto práctico dúas carillas

Cada pregunta terá unha puntuación de 0 a 7,5 puntos como máximo

Valorase:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Demostración de coñecementos teóricos relacionados co temario

Capacidade de síntese

O domingo 5 de xullo de 2022 acode á policía local do Concello de Arzúa acompañada de dous fillos menores de idade e da súa nai de avanzada idade, unha muller de 30 anos con signos e marcas de agresións externas.

Manifesta ante os axentes da autoridade que hai unhas horas foi agredida polo seu compañeiro sentimental co que convive desde hai 5 anos nun piso da exclusiva propiedade del.

Manifesta non querer volver á devandita casa porque sente medo.

Non hai denuncias previas e nunca acudiu ao CIM de Arzúa

1º Ao ser domingo e non estar aberto o CIM de Arzúa cal consideras que sería o protocolo de actuación e recursos dispoñibles para dar atención a esta familia?

2º A policía local emite un informe e trasladao o luns ao axente de igualde do Concello de Arzúa que intervéen inicialmente no caso e concerta unha entrevista da muller co persoal técnico do CIM.

Deseña un plan de intervención.

3º Indica que derivación deberá realizarse a outros profesionais do CIM sinalando finalidade

4º Acceso á Rede Galega de acollemento. Motiva a túa resposta.

Acorda o Tribunal que en relación a avaliación da parte práctica, que a puntuación do caso práctico distribúese en 7,5 puntos cada pregunta sendo valorados coñecementos teóricos e capacidade de síntese (o que se comunica os/as aspirantes coas instrucións sobre realización da proba) , valorándose amosar coñecementos así como desenvolvemento dos seguintes aspectos :

1ª pregunta Programas : garda social, garda psicolóxica, asistencia xurídica gratuita , centro de saúde e búsqueda de recurso habitacional .

2ª pregunta :Plan de intervención conforme normativa identificación da fase do ciclo de violencia, información sobre recursos e dereitos , coñecementos relacionados cós temas 34 e 41 das bases .

3ª pregunta : identificación profesionais CIM debería mencionarse a Psicologo/a e Asesor xurídico como mínimo e as súa funcións.

4ª Acceso rede galega de acollemento motivación do acceso por urxencia procedemento.

O Tribunal desprazouse o Edificio Multiusos Terra do Queixo coas probas de oposición



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Chamados os aspirantes presentados para a realización da proba selectiva preséntanse 5 aspirantes que acceden a aula para realización da proba de oposición sendo chamados pola orde indicada nas bases que rexen este proceso de selección .

A proba é realizada polos/as aspirantes entre as 11.21 h as 12:51 horas .

Rematada a mesma a continuación polo Tribunal procédese a cualificación das probas (identificadas as mesmas con códigos son correxidas sen coñecemento do nome e apelidos dos opositores ata a apertura dos sobres coa indentidade dos aspirantes tras finalizar a valoración da proba de oposición)

Polo Tribunal apertúranse os sobres de identificacións dos aspirantes tras valorar as proba e por unanimidade **ACORDOUSE** :

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes puntuacións ós exercicios sendo a puntuación mínima para entender superada a proba de oposición 30 puntos (quedaran anexadas as probas realizadas e apuntes de valoración ó expediente TEDEC) :

1) Código 003 Adrián Manuel Goncalves Barbosa:

Test 20

Suposto 28

Total 48 puntos

2) Código 004 Paula Aller Vázquez :

Test 18,25

Suposto 21,5

Total 39,75 puntos

3) Código 001 Sabela Losada Cortizas:

Test 14,25

Suposto 21

Total 35,25 puntos

4) Código 005 Miren Anso Nadal:

Test 10,25

Suposto 14

Total 24,25 puntos

5) Código 002 Cristina Piñeiro Rial :

Test 22,75

Suposto 27

Total 49,75 puntos

SEGUNDO.- Facer públicas as puntuacións dos exercicios de oposición con publicación dun certificado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para que no prazo de tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do certificado os/as interesados/as poidan presentar as alegacións que estimen e publicar plantilla con resposta correctas da parte da proba tipo test .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Pola Presidenta sendo as 14:40 horas levántase esta sesión de todo o que como Secretaria dou fe remitíndose a acta para sinatura do visto bo da Presidenta e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

Secretaria Rebeca Vázquez Vázquez

Presidenta.Maria Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de Acción Social e directora do CIM de Compostela

- **Vogais:**

- Maria Torres Pose, letrada Xunta de Galicia
- Marta Pérez Iglesias, técnica de administración local, concello de Arzúa
- Jorge Boado Fernández, secretario-interventor, concello de Boimorto